

ESQUEMA TEMA 6. O SECTOR SECUNDARIO

1. Que actividades inclúe o sector secundario?

- **Definición do sector secundario:** sector da economía que comprende as actividades económicas dedicadas a transformar os recursos naturais (materias primas) en novos produtos elaborados que satisfán necesidades humanas.
- O **sector secundario inclúe a industria**, a produción de **enerxía**, a **minaría** e a **construcción**.
- As industrias clasifícanse daccordo con varios criterios:

Segundo os produtos que fabrican	Industrias de base, de bens de equipo e de uso e consumo
Segundo o seu desenvolvemento técnico	Industrias maduras e industrias de tecnoloxía punta
Segundo o volume de materias primas	Industrias pesadas, industrias semipesadas e industrias lixeiras
Segundo o seu tamaño	Grandes, medianas e pequenas

- **Industria circular:** industria que ten por obxectivo que os recursos sigan a xerar valor a través do tempo, reducindo ao mínimo os residuos dos procesos produtivos e o seu impacto nos ecosistemas.

2. Como evolucionou a actividade industrial?

- **Aquí valería co esquema realizado en aulas.**

3. Estamos inmersos na Cuarta Revolución Industrial?

Definición de industria 4.0: caracterízase pola transformación dixital dos procesos de produción industrial, a partir do emprego de novas tecnoloxías conectadas.

Cuarta revolución industrial: distínguese pola utilización de tecnoloxías como a robotización, o emprego da nube, a ciberseguridade, o big data, a impresión 3D, as simulación ou a realidade aumentada. (lede as definición de cada unha delas)

4. Onde se localizan os espazos industriais?

- No **pasado**: onde había materias primas e fontes de enerxía.
- Na **actualidade**: depende dunha serie de factores:
 1. **Naturais:** proximidade as materias primas e fontes de enerxía.
 2. **Económicos:** dispoñibilidade de capital para financiar e de infraestruturas de transporte.
 3. **Políticos:** plans industriais que faciliten a dispoñibilidade de solo industrial. Lexislación: incentivos, normativas ambientais.
 4. **Sociais:** man de obra cualificada ou non dependendo de se é unha industria avanzada ou non.

Clúster tecnolóxico: zona empresarial onde se concentran industriais de alta tecnoloxía relacionadas cos centros universitarios ou de investigación.

Deslocalización industrial: traslado de toda ou parte da produción dunha empresa a outros países, buscando maiores beneficios.